Sistema Dual: Obxectivos e escenarios da PARTE II

- Nesta parte II, o usuario ten por obxectivo instalar Ubuntu e facer unha mínima configuración para telo actualizado, multi-idioma e que poida conectarse a internet.
- Recoméndase que antes de acometer o proceso de instalación se lea todo o material dese punto, pois é o máis importante de todo o curso. O usuario vai estar totalmente guiado e partindo do seu croquis da parte I vai ser quen de acabar tendo un sistema dual no ordenador real: **Windows + Ubuntu**.

- A seguinte imaxe ilustra o exposto anteriormente:

Escenario 2: Instalación dun sistema dual: Instalación de Ubuntu



Ordenador Físico
Sistema Operativo:
Windows XX



Instalación de Ubuntu



Ordenador Físico
Sistemas Operativos:

Windows XX / **Ubuntu**

(Só se pode iniciar un S.O. en cada momento)





- É importante que o usuario saiba que aínda que teña 2 sistemas operativos instalados no seu sistema **só vai poder usar un de cada vez**, non os dous simultaneamente. Isto é, cando se acende o ordenador vai a aparecer un menú que lle vai permitir escoller ao usuario que Sistema Operativo quere iniciar, se escolle:

    - MS Windows: o usuario vai traballar con este sistema operativo e non co Ubuntu.
    - Ubuntu: o contrario do anterior.
    - Se o usuario quere pasar dun Sistema Operativo ao outro debe reiniciar o equipo (ou apagar) e volver a escoller no menú de cando se inicia o ordenador.

- Para levar a cabo todo o proceso anterior, perante o proceso de instalación, o usuario vai crear particións, dun xeito totalmente asistido. Para iso debe ter en conta o seu croquis e adaptar o material dos apuntes ás súas circunstancias. Algúns van a ter que crear tódalas particións, outros usar algunhas das existentes (sen formatalas).
- Nesta parte II, verase unha Introdución ás particións, sistemas de ficheiros e puntos de montaxe. Na parte VI e VII do curso afondarase máis sobre este asunto.
- A seguinte imaxe amosa como vai quedar o sistema particionado (segundo o croquis dos apuntes). En seguida vemos a introdución do que é cada cousa.

Escenario 2: Instalación dun sistema dual: Distribución das particións



Ordenador Físico
Sistema Operativo:
Windows XX

100 MiB W7	Tamaño Total:	99,90 GiB
	Usado:	8 GiB (p.e.)
	Contido:	Sistema Windows programas e datos persoais

Instalación de Ubuntu



Ordenador Físico
Sistemas Operativos:

Windows XX / **Ubuntu**

(Só se pode iniciar un S.O. en cada momento)

100 MiB W7	40 GiB Windows, prog.e datos persoais	10 GiB S.O. Linux e programas	2 GiB Intercambio Mem. Virtual	40 GiB Datos persoais dos usuarios do S.O. Linux	7,90 GiB Intercambio Windows/ Linux
		Particións **Lóxicas** dentro da Partición **Estendida**			

sda1	NTFS C: sda2	ext4 sda5 /	Intercambio sd6	ext4 sd7 /home	FAT32 E: sda8 /media/win-linux

- Para rematar esta parte II, verase como actualizar o sistema e unha pequena introdución ao escritorio de Ubuntu.

- **LEMBRAMOS:** antes de instalar nada véxase o punto da instalación e contrástese co croquis que cada quen realizou na parte I do curso, para así entender mellor o que cada quen ten que facer.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez